# El Sofán se mete en puestos de fase de ascenso a Tercera Federación

## De otro lado, Club do Mar y Camariñas son líderes en solitario

**M. R. SUÁREZ**
CARBALLO / LA VOZ

El Sofán ya encadena tres triunfos consecutivos, el último, en el campo del Negreira, por 1-3, lo que lo lleva a meterse en puestos de fase de ascenso. Es quinto, empatado a puntos con el Lalín, cuarto. Los carballeses remontaron un 1-0 que llegó a los veinte minutos desde los once metros. Una de cal y otra de arena en Preferente, ya que el Paiosaco perdió en Ordes por 3-1.

Fue la sexta jornada también en la Primera Futgal, en la que el Club do Mar se sitúa líder invicto tras remontar un 0-1 del Muxía (2-1). De la zona, solo el Dumbría lo acompaña en la primera mitad de la tabla, con cuatro puntos menos. En el otro extremo está el San Lorenzo, con solo un punto en el casillero.

En La Liga da Costa, el Camariñas se mantiene primero con un nuevo triunfo (2-3 en Lira). Lo persigue el Soneira, que firmó sus primeras tablas en Cee (1-1). Montelouro, Corme y Xallas son los siguientes en la clasificación, que cierran el Cee, el Outes y el Corcubión, este último, con solo un punto. En el grupo 1, el Queixas marcha sexto, empatado a puntos con el séptimo y el octavo.

Ya en Tercera, hay dos colíderes: el Volantes y el Malpica, ambos con pleno de victorias. El Sofán B tiene dos puntos menos. Les va peor al Oza y el Laxe, con un punto, y al Sporting Seaia, que aún no ha estrenado el casillero.

Por último, en el grupo 3, donde esta jornada descansaron, el Xuventude Laracha, recién creado, y el Visantoña son colíderes, con pleno de victorias, en tanto que el Rodís, marcha tercero por la cola con 0 puntos.



**Fútbol femenino.** Corme y Ponteceso se midieron en el derbi de la Liga da Costa, con triunfo para las de O Cairo por 1-0. BASILIO BELLO

### MARCADORES

| | |
|---|---|
| **FÚTBOL** | |
| **Preferente Futgal** | |
| Ordes-Paiosaco | 3-1 |
| Negreira-Sofán | 1-3 |
| **Primera Futgal** | |
| San Lorenzo-Boimorto | 1-4 |
| Club do Mar-Muxía | 2-1 |
| Calo-Fisterra | 1-1 |
| Dumbría-Agolada | 2-1 |
| **Segunda Futgal** | |
| Porteño-Baio | 2-3 |
| Muros-Cabana | 1-1 |
| Outes-Corme | 0-2 |
| Lira-Camariñas | 2-3 |
| Mazaricos-Coristanco | 3-2 |
| Ponteceso-Corcubión | 5-1 |
| Cee-Soneira | 1-1 |
| Xallas-Monte Louro | 2-1 |
| Portazgo-Queixas | 0-3 |
| **Segunda gallega femenina** | |
| Carral-Dumbría | 5-1 |
| Cee-Tordoia | 0-1 |
| **Tercera Futgal** | |
| Muxía B-Volantes de Baño | 1-7 |
| Camelle-Sporting Zas | 1-3 |
| Baíñas-Atlético Pereiriña | 1-2 |
| Cerqueda-Sporting Seaia | 2-0 |
| Sofán B-Oza | 3-2 |
| Malpica-Nantón | 2-0 |
| Inter de Brens-Buño | 1-3 |
| **Tercera gallega femenina** | |
| A Baña-Cabana | 1-3 |
| Mazaricos-Bergantiños B | 3-1 |
| Sporting Zas-Fisterra | 0-2 |
| Corme-Ponteceso | 1-0 |
| Soneira-Pastoriza B | 0-0 |
| Corcubión-Muxía | 0-0 |
| Cerqueda-Juan Cabrejo | 0-6 |

**Hubo descanso también en la Liga de F-7 femenina.*

## Más de 750 inscritos para la Carreira Camiños da Vía Verde

CARBALLO / LA VOZ

Dentro de las actividades para conmemorar los dos años de la Vía Verde, la Deputación da Coruña prepara para este sábado la primera edición de la Carreira Camiños da Vía Verde. Será a partir de las 16.45 horas, con una andaina de cinco kilómetros en la estación de tren de Transmonte. Contará con traslado en bus desde la meta. A las 17.30 será la primera de las pruebas competitivas, la de 10 kilómetros: salida en la zona de Os Mallos, en Oroso, una vez pasada la estación de Oroso-Vilacide. La meta estará situada en la antigua estación de A Pontraga, en Ordes, donde se realizarán las otras pruebas de dos y un kilómetro, y otra de 400 metros, para los menores de 16 años.

Ya son más de 750 personas las inscritas, si bien el plazo sigue abierto hasta mañana a la medianoche en www.carreirasgalegas.com. La participación es gratuita.

El objetivo de la iniciativa es seguir promocionando esta infraestructura y el ocio y el deporte en ella.

**IVÁN QUINTÁNS** CAFÉ DE SEGUNDO, GAÑADOR DA SEMANA DA TORTILLA DE BETANZOS

# «O segredo da tortilla é o cariño»

**D. VÁZQUEZ**
REDACCIÓN / LA VOZ

A tortilla de Iván Quintáns Lodeiro (Cee, 1983) quedou o domingo finalista no concurso da Semana da Tortilla de Betanzos. Houbo coincidencia en que era a mellor das cinco que chegaron á final entre o xurado, no que estaba o chef Luis Veira, Álvaro Victoriano, presidente do colectivo de cociñeiros Coruña Cociña, e a chef e formadora Beatriz Sotelo. O cociñeiro de Café de Segundo (avenida Juan García Naveira, 27) recoñece que se pon nervioso neste tipo de competicións e mandou o prato, para que o degustase o xurado, pola súa muller, Sheyla Delgado, mentres el seguía atendendo o bar. Ela foi a primeira en agradecer o recoñecemento dunha proposta municipal que promove o consumo na hostalería local.

**—Tivo que atender moita xente tras ser o gañador?**

—A semana fíxose longa e os nervios foron un pouco complicados. Póñome nervioso e o día fíxose longo.

**—Sempre foi cociñeiro?**

—Sempre fun camareiro e de aí pasei para cociña. Estiven por Barcelona, na cociña dun restaurante vasco de pinchos e traballando en hostalería aprendes a facer un pouco de todo, barra, cociña e o que faga falta. Despois acabamos por Betanzos.

**—Co café leva máis de seis anos.**

—Si, dende o 1 de xullo de 2018. No Café de Segundo traballaba a miña muller e ao xubilarse Segundo collémolo nós.

**—Que é o que mellor se lle dá?**

—Na cociña será a tortilla.

**—Cambiou o modo de facela ao chegar a Betanzos?**

—Non é que fixera moitas antes. A tortilla estilo Betanzos empecei a facela aquí, non cambiei moito a maneira de facela, pero si vai un pouco máis solta.

**—É difícil collerlle o toque?**

—Non, hai que querer. Non deixan de ser patacas, ovos e sal. Eu uso pataca roxa, uso o aceite que usa todo o mundo...

**—Algún mérito terá se gañou a outros 18 negocios.**

—Doado non é, ás veces tes que ter un pouquiño de man, moitas ganas de facela e facelo con moito cariño, que che guste o que estás facendo.

**—A súa muller revelou, ao coller o premio, que foi a clientela a que lles animou a presentarse ao certame. O ano pasado xa chegaron á final.**

—O ano pasado foi o primeiro que nos presentamos e xa tivemos a sorte de estar na final. Quedamos cuartos, un posto máis que bo. Este ano volvéronme a animar a presentarme e, por sorte, porque estaba para min, ou porque era a mellor, gañei. Pero hai moi boas tortillas en Betanzos, en case todos os locais de hostalaría de Betanzos fanse as tortillas moi ricas. Hai moito nivel en Betanzos e xente que cociña moi ben.

**—Pero cal é o seu secreto?**

—O cariño e as ganas que a túa tortilla guste é o secreto.

**—Entende que co premio vai ter que facer moitas máis?**

—Mellor para min, non deixamos de ser un negocio e eu encantado de facer as tortillas que teña que facer porque para iso me presentei, para que a xente nos coñeza e proben. Somos un bar pequeniño que estamos no supermercado Gadis e non temos queixa. Sempre temos xente, é un lugar familiar e acolledor. Traballamos de luns a domingo, agás o domingo pola tarde. Estamos feitos uns campións! Hai que descansar máis, pero de momento to facemos aí.



O ceense é o cociñeiro do local na avenida Juan García Naveira, 27. P. P.

CONCELLO DE
**MALPICA DE BERGANTIÑOS**

**Anuncio de apertura do trámite de información pública tras a aprobación inicial do "Plan Especial de Reforma Interior - Unidade de Actuación núm. 8", A Camuza-A.**

**Expt. 2018/X999/000763**

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22/05/2020, aprobou inicialmente o "Plan Especial de Reforma Interior – Unidade de Actuación núm. 8", formulado/ promovido por Álvarez Conchado e Hijos, S.A, acordando, así mesmo, de conformidade co preceptuado polo artigo 75 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LS) e polo artigo 186 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLS), abrir o preceptivo período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no xornal "La Voz de Galicia".

Examinado o expediente, constátase que non se procedeu á publicación do preceptivo anuncio no xornal "La Voz de Galicia", tal e como se acordou pola Xunta de Goberno Local, ou en calquera outro xornal dos de maior difusión da provincia, aos efectos de dar cumprimento aos artigos antes referidos.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 03/10/2024, co obxecto de subsanar o vicio padecido, acordou reiterar e/ou repetir o preceptivo trámite de información pública posterior á aprobación inicial do "Plan Especial de Reforma Interior - Unidade de Actuación núm. 8".

Así, pois, de conformidade co disposto no artigo 75 da LS e no artigo 186 do RLS, sométese o expediente e a documentación integrante do instrumento de planeamento, o aprobado inicialmente, a información pública, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e no xornal "La Voz de Galicia", polo prazo dous meses a contar desde o último anuncio, coa finalidade de quen o desexe poida examinalo e deducir durante o citado prazo cantas alegacións ou observacións considere oportunas.

Durante o período de información pública, o dereito de información e acceso se poderá exercer e quedará garantido mediante consulta do expediente nas Oficinas Xerais do Concello, sitas na Casa do Concello, Avd. Emilio González López, núm. 1, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, e mediante consulta no Portal de Transparencia do Concello (Información de Relevancia Xurídica- Documentos Sometidos a Información Pública- Aprobación Inicial do Plan Especial de Reforma Interior-Unidade de Actuación núm. 8).

Malpica de Bergantiños, 10 de outubro de 2024
O alcalde. Asdo: Eduardo J. Parga Veiga

CVD: diMBg4SKk0tdtMcaHm6r
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.